



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO  
PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA  
EN DATA VINTE E UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

**Expediente: 2021/G010/000008**

Valdoviño, 21 de xuño de 2021. Hora: 10:20  
Lugar: Sala de sesións do Pleno da Casa do Concello  
Primeira convocatoria  
Celebración sesión extraordinaria e urxente, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández  
Rosa Ana García López  
Sergio Saavedra Gutiérrez  
Benito Manuel Vega Fernández  
Jessica Sabín Fernández  
Alejandro Antonio García Sousa  
Ana Belén Pérez Fernández  
Germán Gómez Senra  
M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas  
Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce  
Disculpa a inasistencia a concelleira Jessica Sabín Fernández (do PSdeG-PSOE) e o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro e da interventora municipal Elisa Marqués Parrilla.

**I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA**

Apróbase a ratificación da urxenza por unanimidade dada a necesidade de comezar coa III fase da obra e así poder iniciar o expediente.

**2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “FASE 3: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO”.**

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

## **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “FASE 3: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO”**

**Expediente: 2021/C003/000002**

Visto que o Concello de Valdoviño programou en tres fases a execución da creación dun centro sociocomunitario para Valdoviño e que aprobado no seu día na súa integración o citado proxecto, se teñen executadas a Fase I e Fase II.

Proxecto redatado polos arquitectos Sergio Jesús Beceiro Lodeiro e María Rosa Vilas Romalde da Entidade “Estudio Ana Arquitectos S.L.P.”.

Vista a memoria xustificativa da Alcaldía na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra correspondente a Fase III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto factor prezo.

Visto o documento de retención de crédito polo importe total do proxecto: 975.693,80 euros; así como o informe do arquitecto municipal de data 24 de febreiro de 2020; os pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación e a documentación técnica.

CONSIDERANDO o informe elaborado pola interventora municipal na data do 15.06.21, relativo á determinación do importe a que ascende o 10% dos recursos ordinarios do orzamento a efectos de determinar a competencia do órgano de contratación.

Despois de examinar a documentación achegada no expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e tendo en conta as atribucións que esta Alcaldía ten conferidas por Lei e o importe do proxecto PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto da obra FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO; elaborado polos arquitectos Sergio Jesús Beciero Lodeiro e María Rosa Vilas Romalde da Entidade “Estudio Anta Arquitectos S.L.P.”; cun importe total de proxecto de 975.693,80 euros (Prezo sen IVE: 806.358,51 €) e IVE 21% de 169.335,29 €.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto factor prezo, tramitación ordinaria.

**TERCEIRO.-** Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal e memoria de Alcaldía.

**CUARTO.-** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**QUINTO.-** Autorizar con cargo á partida orzamentaria 933/63200 do vixente orzamento municipal pola contía de 975.693,80 euros

O Pleno resolverá o que estime máis convinte.

*/Documento asinado á marxe polo sr. alcalde/”*

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede**

O sr alcalde expón unha breve introdución sobre o centro sociocomunitario no que aclara a súa utilidade na axuda aos concellos limítrofes. Tamén conclúe dicindo que recibiremos axuda da Deputación, inda que non pode concretar cifras.

Sendo as dez horas vinte e catro minutos, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

*/Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde/*